



Plan de Actividades 2010

Indice:

Introdución	1
Medios humanos e materiais	14
Cadro resumo de actuacións 2010	15
Actuacións	18

Introdución

O presente documento recolle as principais liñas de traballo e actuacións do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral para o ano 2010. Parte das actividades manteñen unha liña de continuidade coas programadas en anos anteriores, ben por formaren parte de proxectos de actuación de carácter plurianual programados previamente, ben por ser parte das funcións propias do Organismo, como as colaboracións coa Autoridade Laboral e coa Inspección de Traballo.

Por outra banda, a posta en funcionamento do ISSGA como organismo autónomo con capacidade funcional propia, permite abordar novos proxectos, fundamentalmente de carácter científico e técnico, que supón potencien o labor investigador e innovador en materia de seguridade e saúde laboral que debe ter o Instituto.

A planificación das actividades técnicas do ISSGA para o vindeiro 2010, necesariamente debe ter en conta varias premisas:

- Os seus fins e funcións, que a Lei 14/2007 define nos seus artigos 3 e 4.
- O cumprimento dos obxectivos e accións definidos polo Plan Estratéxico para a PRL en Galicia 2006-2010, cuxo período de vixencia rematará nese exercicio.
- A orientación e contidos doutros instrumentos de planificación afíns, como a Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo.
- O estado actual xeral da PRL, as actividades iniciadas que, ou ben non foron rematadas ou ben interesa prolongar no tempo, en función do coñecemento e a experiencia derivada dos resultados de programas e proxectos desenvolvidos en exercicios anteriores.
- A aparición de nova normativa e de criterios técnicos que poidan modificar significativamente aspectos relacionados coa PRL (Regulamento REACH, posta en vigor de procedementos relacionados coa subcontratación, ley do Estatuto do traballador autónomo...).
- Os recursos humanos, técnicos e materiais dos que poida dispor, tanto propios, como que procedan de colaboracións con outros axentes implicados na PRL, que delimitarán a súa capacidade de obrar.
- As necesidades propias do organismo, na procura da mellora da súa xestión e resultados.
- A existencia de actividades non programables, que é consecuencia da propia natureza da labor que desenvolve o ISSGA, ao actuar nos casos de accidente, ou ao atender a demandas e requirimentos doutros organismos ou dos axentes sociais.
- E sempre as necesidades e demandas da sociedade en xeral, e dos axentes sociais e dos traballadores e traballadoras en concreto.

Dado que as dúas primeiras referencias pódense considerar mandatos que prefiguran a folia de ruta do ISSGA, compre lembrar o seu contido:

Plan estratéxico para a Prevención de Riscos Laborais en Galicia 2006-2010. Obxectivos estratéxicos

Obxectivo estratéxico 1. Compromiso do Goberno galego coa prevención de riscos laborais

Accións

1. A Administración pública autonómica integrará a xestión de prevención de riscos laborais en toda a súa organización.

A administración pública galega, a través do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, órgano técnico especializado na materia, asesorará nas funcións de control interno do sistema de prevención da propia Administración. Este asesoramento poderá ser realizado directamente, ou ben a través da elaboración de notas técnicas de prevención.

2. Promover a aplicación das previsións do artigo 54 da Lei de prevención en relación co artigo 20 da Lei de contratos das administracións públicas. Criterios para ter en conta nos contratos administrativos naqueles casos nos que se cometesen delitos ou infraccións administrativas moi graves en materia de seguridade e saúde laboral.

Obxectivo estratéxico 2. Implantar unha cultura preventiva na sociedade galega.

Accións

1. Desenvolvemento de campañas de sensibilización sobre os accidentes de traballo, as súas secuelas e os seus custos para estender a cultura da prevención en toda a sociedade, empezando polas empresas e os traballadores.

- 1.1. Deseño e posta en marcha de campañas de sensibilización xerais, a través dos medios de comunicación social (prensa, radio e tv).
- 1.2. Realización de campañas específicas sobre determinados riscos.
- 1.3. Edición de material divulgativo en materia preventiva.
- 1.4. Realización de material publicitario sobre a prevención.
- 1.5. Creación na páxina web da consellería un soporte específico sobre información en prevención.
- 1.6. Campañas de sensibilización dirixidas a Pemes.

2. Implantar no sistema educativo un xerme da cultura preventiva. Coordinación permanente coa autoridade educativa, consolidando as campañas de carácter anual

- 2.1. Realización de campañas específicas para a poboación escolar.

- 2.2. Edición de materiais específicos destinados a alumnos de primaria, secundaria e formación profesional.
- 2.3. Creación dunha “Escola da prevención”, destinada a subministrar aos centros educativos material en materia de prevención de riscos laborais.
- 2.4. Potenciar a colaboración cidadá na materia de prevención de riscos laborais.
- 2.5. Establecemento na páxina web dun sistema de consultas para a poboación en xeral.
- 2.6. Fomentar a prevención de riscos laborais como materia horizontal no ensino regrado e non regrado.

3. Impulsar e potenciar dende a Xunta de Galicia eventos relacionados coa seguridade e saúde laboral

- 3.1. Participación en feiras monográficas e xerais relacionadas preferentemente co ámbito laboral.
- 3.2. Organización territorial (provincias, comarcas, localidades...) de xornadas de difusión sobre a prevención.

Obxectivo estratéxico 3. Mellorar a capacidade de resposta dos órganos técnicos da Comunidade Autónoma. Dotación dos medios técnicos necesarios.

Accións

- 1. Creación e desenvolvemento do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- 2. Adquisición do equipamento científico-técnico necesario para o desenvolvemento completo das actuacións dos centros de Seguridade e Saúde Laboral.
- 3. Utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación, a través da rede informática propia da Xunta de Galicia, que integre todas as aplicacións informáticas derivadas dos procedementos e metodoloxías aplicados no ámbito da prevención de riscos laborais.
- 4. Creación dun sistema documental sobre seguridade e saúde laboral.
 - 4.1. Acceso á documentación actualizada, lexislación, publicacións técnicas e documentos específicos.
 - 4.2. Desenvolver un servizo de consulta e información.
 - 4.3. Elaboración dun estudo diferencial das enfermidades comúns en sectores laborais feminizados.

Obxectivo estratéxico 4. Mellorar o soporte normativo das accións preventivas na Comunidade Autónoma.

Accións

- 1. Aprobación de normativa específica para a Comunidade Autónoma de Galicia que incida, directa ou indirectamente, na materia de prevención.

- 1.1. Decreto de habilitación de técnicos de prevención de riscos laborais para o exercicio das correspondentes funcións.
 - 1.2. Decreto de creación do rexistro de coordinadores de seguridade e saúde en obras de construción
 - 1.3. Desenvolvemento dos procedementos de inscrición no RERA e das aprobacións dos plans de obra en operacións de desamiantado.
 - 1.4. Decreto de desenvolvemento do Consello Galego de Seguridade e saúde laboral e da creación dos grupos de traballo.
 - 1.5. Normativa correspondente ao desenvolvemento da lei do Instituto.
 - 1.6. Decreto de regulación das funcións de asesoramento e asistencia técnica polo Instituto galego ás autoridades sanitarias, industriais e mineiras nos aspectos incluídos no texto legal de creación do Instituto galego.
 - 1.7. Decreto de modificación do rexistro de delegados e delegadas de prevención de riscos laborais
2. Propor á Administración xeral do Estado nova lexislación ou modificación da actualmente existente, así como criterios técnicos de interpretación.
- 2.1. Incremento do número de prazas destinadas á especialización de médicos en medicina do traballo.
 - 2.2. Elaboración de guías prácticas que sintetizen os criterios de actuación existentes nas diferentes normas para facilitar o cumprimento das obrigas preventivas nas pequenas empresas
 - 2.3. Establecemento de criterios técnicos uniformes para a acreditación dos servizos de prevención alleos.
 - 2.4. Necesidade de que os polígonos industriais de nova creación teñan que contar cunha dotación mínima en recursos preventivos.
 - 2.5. Realización dun estudo valorativo para o establecemento de propostas de mellora normativa no referente ao sistema de auditorías e á cobertura das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais
 - 2.6. Trasladar a necesidade de potenciación dos recursos propios no ámbito da xestión da prevención nas empresas.
 - 2.7. Calquera outra cuestión que mellore as condicións de seguridade e saúde laboral dos traballadores e traballadoras.

Obxectivo estratéxico 5. Acadar mecanismos de información e indicadores preventivos.

Accións

1. Creación do observatorio de estudo da accidentabilidade e de condicións de traballo.
- Co obxectivo da recollida e análise de indicadores preventivos, que poidan ser útiles para á planificación de accións preventivas, e que permitan unha unificación conceptual de datos relativos a sinistralidade laboral.
- Ten que ter garantía de independencia polo que estará vinculado e integrado organicamente no Instituto.
- Desenvolverá o seu traballo mediante programación anual dos seus obxectivos, medios e finalidades, debendo ter a suficiente flexibilidade

estrutural para modificar, no seu caso, o seu funcionamento segundo os obxectivos que se lle fixen.

2. Elaboración dun programa de información sobre vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral.

En colaboración coa Consellería de Sanidade, dando cumprimento aos artigos 10 e 11 da Lei de prevención de riscos laborais, ao artigo 39 do Regulamento dos servizos de prevención e a Lei 14/1986, xeral de sanidade.

2.1. Sistematizar a recollida de información para coñecer a actividade dos servizos de prevención en materia de vixilancia da saúde.

2.2. Sistematizar a recollida de datos de enfermidades profesionais, diferenciando por xénero.

2.3. Elaborar un programa de vixilancia epidemiolóxica de acordo co previsto no artigo 39 do Real decreto 39/1997.

3. Creación e desenvolvemento dun rexistro sobre os servizos de prevención.

3.1. Creación dun rexistro, de carácter voluntario, de servizos de prevención propios.

3.2. Creación dun rexistro de servizos de prevención mancomunados.

3.3. Desenvolvemento do rexistro de servizos de prevención alleos mediante a actualización das memorias de actividades anuais.

3.4. Creación dun rexistro de entidades auditoras e das empresas que por lei están exentas do trámite da auditoría.

3.5. Creación dun rexistro de delegados e delegadas de prevención elixidos nas empresas.

Obxectivo estratéxico 6. Promoción de condutas preventivas

Accións

1. Posta en marcha de plans de acción para a redución dos riscos laborais en empresas galegas

Coa participación da inspección de traballo e as autoridades laborais, sanitaria, industrial e mineira, desenvolveranse plans de acción para a redución dos riscos laborais. Deben ser sectorializados e mensurables en canto á avaliación dos seus resultados. Os obxectivos de redución de riscos son o fundamento das accións, polo que a fase informativa e de asesoramento das accións ten que ser o primeiro paso en cada caso.

Estes plans de acción teñen como obxectivo principal a implantación da cultura preventiva así como asesorar e facilitar a implantación dos mecanismos e ferramentas de prevención na empresa /ou no sector.

2. Programa de loita contra a sinistralidade laboral: será de carácter permanente e desenvolverase a través de accións ou plans específicos sectorializados de carácter temporal ou periódico.

Terán singularidade os plans de actuación na construción, o plan de actuación no sector pesqueiro, o plan de actuación no sector agrario e tamén no sector servizos.

3. Programa de estudo epidemiolóxico dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais de xeito sectorializado, e por sexos.

Prioridades: Caídas de altura, silicose.

4. Programa de promoción dos Servizos de Prevención Mancomunados, especialmente dirixido a empresas que desenvolvan simultaneamente actividades nun mesmo centro de traballo, edificio, centro comercial ou parque empresarial, empresas pertencentes a un mesmo sector produtivo ou área xeográfica limitada, que contemple plans de axuda para a súa posta en práctica.

5. Programa de control dos servizos alleos de prevención, incluído ás súas funcións técnicas e de medicina do traballo.

6. Elaboración dun plan de calidade e acreditación dos servizos de prevención alleos e das entidades auditoras.

7. Programa de análise, estudo e asesoramento de riscos específicos vinculados ás enfermidades profesionais: incluíndo axentes químicos, ruído, vibracións, movementos repetitivos, sobreesforzos, trastornos músculo-esqueléticos en xeral, acoso moral, síndrome do queimado, violencia no traballo, etc.

8. Programa de seguimento de máquinas e equipos de traballo, en canto as súas características regulamentarias e aos seus riscos laborais.

9. Posta en marcha dunha acción global de información preventiva

9.1. Programa propio de publicacións de prevención de riscos de carácter técnico con prioridade das edicións dixitais.

9.2. Paxina web específica de prevención de riscos xestionada polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral na que se inclúan informacións de carácter legal e técnica, publicacións dixitais, accións formativas interactivas, procedementos de xestión administrativa, enlaces a páxinas de interese, respostas a consultas, etc.

9.3. Posta en marcha de mecanismos permanentes de información preventiva aberto aos traballadores, técnicos e empresarios.

10. Programas especiais de promoción da prevención de riscos e de vixilancia da saúde.

Programas para deseñar e desenvolver de acordo coas entidades representativas correspondentes aos afectados, que incluírá, no seu caso, accións de asesoramento técnico e formación especializada ós técnicos das entidades.

10.1. Cooperativas

10.2. Traballadores autónomos

11. Plan de asesoramento a Pemes.

Establecemento dun programa específico de asesoramento a Pemes que expresamente o requiran en cuestións relativas a organización da prevención na empresa e a modelos de xestión.

O dito programa planificarase e desenvolverase en cooperación coas organizacións empresariais máis representativas e coas asociacións sectoriais correspondentes

12. Realización de políticas específicas que favorezan a integración da saúde laboral dende unha perspectiva de xénero.

As políticas en materia de seguridade e saúde laboral non teñen en conta, en moitas ocasións, ou infravaloran os riscos das mulleres traballadoras, polo que é importante considerar os aspectos de xénero nas avaliacións dos riscos laborais e incluílos como parte integrante das políticas preventivas.

12.1. Elaborar material de difusión específico para promover aplicación do artigo 26 de Lei de prevención de riscos laborais.

12.2. Fomentar mediante a elaboración de material de difusión, que os plan de prevención contemplan as especificidades das condicións de traballo e saúde das mulleres.

13. Potenciar políticas específicas que melloren a integración da prevención dos riscos laborais nos traballadores autónomos.

Promover accións de formación e asesoramento en materia de prevención para os traballadores autónomos.

14. Potenciar políticas específicas que melloren a seguridade e saúde laboral no colectivo de traballadores e traballadoras estranxeiros.

15. Establecer como finalidade da recadación consecuencia das sancións impostas polo incumprimento en materia de seguridade e saúde laboral, que a mesma poida destinarse a actuacións preventivas, preferentemente dirixidas as pemes a través de accións de asesoramento, información e divulgación.

16. Potenciar e promover os recursos destinados a I+D+i dedicados á prevención. Programas de I+D+i 17.

17. Posta en funcionamento dunha aula de prevención, dotada dos equipos necesarios para impartir módulos prácticos de prevención de riscos, a disposición do conxunto dos axentes implicados na prevención.

18. Accidentes de tráfico derivados do traballo.

En relación co elevado número de accidentes de tráfico no desprazamento ata o lugar de traballo ou accidentes de tráfico durante o traballo, é necesario unha análise profunda da realidade por isto deberanse desenvolver a análise causal para a definición das accións normativas, informativas ou de control correspondentes.

Obxectivo estratéxico 7. Modificación e desenvolvemento dos mecanismos de participación dos axentes sociais e económicos.

Accións

1. Revisión da organización e funcións dos entes da participación institucional materia de prevención de riscos

O Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral ten que configurarse máis solidamente como o órgano de participación e asesoramento de todos os axentes implicados na prevención dos riscos laborais, substituindo o actual Consello Galego de Seguridade e Saúde laboral e os Comités Provinciais.

É necesaria a consolidación xurídica da participación, polo que no propio texto do proxecto de Lei do instituto se incluíra a constitución e definición en canto a funcións do Consello Galego de Seguridade e Saúde

Teñen que consolidarse normativamente tamén, no seo da propia lei, os grupos de traballo específicos, de carácter sectorial, territorial e temático de tal xeito que se substitúa a dinámica territorial pola máis ampla dinámica sectorial e de riscos específicos, de acordo co que o propio Consello planifique.

Trátase, en definitiva, de robustecer a participación institucional, outorgándolle máis capacidade para definir as súas propias liñas de traballo.

2. Potenciar os contidos relativos á seguridade e saúde laboral nos convenios colectivos de acordo coa normativa vixente.

A negociación colectiva ten que afondar nos ámbitos da seguridade e saúde laboral, fixando cláusulas nas que se recollan as medidas de protección da seguridade e saúde laboral dos traballadores no seu posto de traballo.

3. Promover e mellorar a xestión da prevención de riscos laborais na pemes (en relación co punto 10 do obxectivo 6.)

Establecemento dun programa específico de asesoramento a Pemes que expresamente o requiran en cuestións relativas a organización da prevención na empresa e a modelos de xestión.

Obxectivo estratéxico 8. Desenvolvemento de accións de control integrado. Cooperación institucional.

Accións

1. Plan galego formativo integral

A formación necesaria en prevención de riscos laborais ten diferentes obxectivos, diferentes contidos e diferentes entes impartidores polas súas propias necesidades.

É necesario facer una integración dela de xeito tal que se acaden unidades conceptuais nos contidos da formación e se rendibilicen os esforzos.

As liñas de acción formativa para analizar, coordinar e integrar serían:

1.1. Programación conxunta das actividades formativas dos entes sociais e económicos e a Xunta de Galicia con xestión concertada para formación de delegados de prevención, traballadores designados e pequenos empresarios.

1.2. Promoción da formación superior nas tres universidades galegas en relación á formación de expertos e da integración da prevención nos programas das diversas disciplinas ao seu nivel correspondente

1.3. Programa complementario de actualización técnica polo IG mediante cursos especiais e xornadas técnicas dirixidos a expertos e profesionais

1.4. Formación específica de coordinadores de seguridade e saúde nas obras de construción, de acordo cun programa unitario. Nesta formación son elemento central as organizacións empresariais do sector.

1.5. Acción formativa específica impartida polo instituto a nivel básico dedicada a sectores de traballadores co problemática especial; traballadores con capacidade sensorial diminuída, inmigrantes, etc.

1.6. Acción formativa específica en profesións feminizadas.

1.7. Desenvolvemento dun plan de calidade e acreditación da formación en materia de seguridade e saúde laboral que mellore a situación actual.

1.8. Programa formativo dirixido a delegados e delegadas de prevención en empresas de especial risco, traballadores/as designados/as, mandos intermedios e empresarios/as que asuman a prevención en base aos contidos formativos recollidos no anexo V do Regulamento dos servizos de prevención.

1.9. Desenvolvemento dun plan de formación en prevención de riscos laborais nos plans de formación dirixida ao emprego (Plan FIP, formación continua, etc.).

1.10. Desenvolvemento de programas de formación continua especializada para os profesionais da prevención.

1.11. Plan de formación para docentes a través da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

2. Impulsar a coordinación con outros departamentos da Xunta de Galicia con competencias en seguridade e saúde laboral

2.1. Colaboración coa Consellería de Sanidade.

2.1.1. Prestar asesoramento e asistencia técnica na autorización e verificación do mantemento das condicións de autorización sanitaria dos servizos de prevención propios e alleos e na avaliación da súa actividade sanitaria.

2.2. Colaboración coa Consellería de Innovación e Industria.

2.2.1. Prestar asesoramento e asistencia técnica no control da actuacións relativas a aparellos e produtos industriais no que poida afectar á seguridade e saúde dos traballadores.

2.2.2. Prestar asesoramento e asistencia técnica no control da normativa relativa á seguridade mineira, e na vixilancia

epidemiolóxica da saúde laboral dos traballadores do ámbito mineiro.

2.3. Colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no establecemento de programas de colaboración dirixidos fundamentalmente aos centros de formación profesional, tanto ao alumnado como aos docentes dos centros, así como no impulso de novas titulacións universitarias na área de seguridade e saúde laboral. É un obxectivo a implantación en todos os ciclos e niveis formativos de programas educativos de prevención de riscos laborais.

2.4. Colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para a xestión de residuos todo o relacionado coa prevención, calidade e medio ambiente no ámbito da empresa.

2.5. Colaboración con outras consellerías ou departamentos da Administración autonómica.

3. Desenvolvemento da colaboración co Ministerio Fiscal

3.1. Potenciar a colaboración entre a autoridade laboral, Inspección de Traballo e de Seguridade Social e o Ministerio Fiscal co o obxectivo de coordinar a actividade administrativa e xudicial para a persecución dos ilícitos en materia de seguridade e saúde laboral.

3.2. Establecer programas formativos de prevención de riscos laborais xuntamente coa Fiscalía.

3.3. Seguimento, a través da Comisión Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social, dos casos de accidentes laborais que a Inspección de Traballo teña remitido á Fiscalía por ter apreciado indicios de delito.

4. Colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias.

Nunha dobre vertente:

4.1. O necesario control polos concellos da execución de obras contratadas ou autorizadas por eles.

4.2. As actividades preventivas das entidades do réxime local en relación co seu persoal propio e da concorrencia de actividades empresariais.

A colaboración non obviará as correspondentes responsabilidades das entidades do réxime local en ambas as dúas vertentes.

Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Artigo 3º.-Fins.

1. Correspóndelle ao instituto a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo.

2. Para o cumprimento dos seus fins o instituto:

a) Desenvolve accións de información, divulgación e formación, en materia preventiva.

b) Realiza o asesoramento e o control das accións técnico-preventivas, sen prexuízo das competencias da Inspección de Traballo e Seguridade Social, dirixidas á diminución dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais que se realicen nas empresas para elevar a protección da seguridade e a saúde das traballadoras e dos traballadores.

c) Préstalles ás empresas, con especial atención ás pequenas e medianas empresas, ás traballadoras e traballadores, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

d) Realiza o seguimento, coordina e promove a colaboración de accións en materia de prevención de riscos laborais dos diferentes departamentos da Administración autonómica, así como con aqueles organismos estatais e internacionais orientados aos mesmos fins.

e) Fomenta a prevención de riscos laborais a través do seu tratamento como materia horizontal no ensino regrado e non-regrado.

Artigo 4º.-Funcións.

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral realizará as seguintes funcións:

a) Analizar, investigar e avaliar as causas e os factores determinantes dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais, establecendo un carácter sectorial e territorial, abordar o seu estudo preventivo e propor, de ser o caso, medidas correctoras.

b) Coñecer, tratar, elaborar e difundir os informes e os datos estatísticos sobre sinistralidade laboral e condicións de traballo.

- c) Elaborar, promover e desenvolver programas de investigación sobre métodos e técnicas de seguridade e saúde no traballo.
- d) Promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres, considerando as variables relacionadas co sexo na estatística, o estudo e a investigación dos riscos laborais, co obxecto de detectar e de prever as posibles situacións nas que os danos derivados do traballo poidan aparecer vinculados co sexo das persoas traballadoras.
- e) Asesorar tecnicamente para a elaboración e a reforma da normativa en materia de seguridade e saúde no traballo e mais elaborar recomendacións sobre condicións de traballo dos grupos especiais de risco.
- f) Prestarlles colaboración, asesoramento técnico e coordinación á autoridade laboral, á Inspección de Traballo e Seguridade Social e mais ás autoridades xudiciais e as institucións públicas que o demanden.
- g) Efectuar plans e cursos de formación e accións informativas en relación coa seguridade e a saúde laborais.
- h) Apoiar e promover as actividades desenvolvidas polo empresariado e persoal traballador e as súas respectivas organizacións representativas, en prol da mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, da investigación e o fomento de novas formas de protección e mais da promoción de estruturas eficaces de prevención.
- i) Estudar e vixiar as condicións de traballo que poidan resultar nocivas ou insalubres durante os períodos de embarazo e lactación da muller traballadora, para acomodar no caso necesario a súa actividade laboral a un traballo compatible durante os períodos referidos.
- j) Programar e realizar controis xerais e sectoriais sobre niveis de seguridade, hixiene e condicións de saúde nas empresas, coa prestación a estas e ás persoas representantes legais das traballadoras e dos traballadores do asesoramento pertinente e a comunicación das correccións necesarias que se deban efectuar para elevar os devanditos niveis.
- k) Efectuar estudos, informes e asesoramento técnico sobre postos, locais e centros de traballo, materias primas e produtos intermedios e finais, na medida en que poidan supor riscos para a saúde das traballadoras e dos traballadores.
- l) Asesorar e avaliar o funcionamento dos órganos técnicos das empresas en materia de seguridade, hixiene e saúde laborais.
- m) Efectuar os informes técnicos para a acreditación ou a autorización dos servizos de prevención alleos, entidades formativas e persoas ou entidades especializadas para levar a cabo auditorías ou avaliacións dos sistemas de prevención, agás nas materias que son competencia da Administración

sanitaria, e o seguimento das súas actuacións, coa comunicación á autoridade laboral das desviacións observadas.

n) Participar na vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral en coordinación coa autoridade sanitaria no ámbito estratéxico e operativo e mais, de ser o caso, elaborar coa autoridade sanitaria un mapa de riscos laborais que sirva de instrumento para planificar a debida política de prevención.

ñ) Prestarlle á Administración sanitaria asesoramento e asistencia técnica na autorización e na verificación do mantemento das condicións da autorización sanitaria dos servizos de prevención propios e alleos e mais na avaliación da súa actividade sanitaria.

o) Colaborar coa consellaría competente en materia de seguridade industrial e mineira no que poida afectar a seguridade e a saúde do persoal traballador.

p) Colaborar coa autoridade educativa, a universidade e os centros de investigación para implantar en todos os ciclos e niveis formativos programas educativos de prevención de riscos laborais.

q) Colaborar e cooperar en materia de prevención de riscos laborais con outras administracións públicas, entidades públicas e privadas e corporacións locais.

r) Colaborar coa Inspección de Traballo e Seguridade Social nas actuacións referentes ás condicións materiais e técnicas de seguridade e saúde laboral e mais nas de comprobación e control, de ser o caso.

s) En xeral, coordinarse coas consellarías con competencias concorrentes en materia de seguridade e saúde no traballo, así como co Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo e coa Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

t) Actuar, con especial dedicación ás pequenas e medianas empresas, en programas de prevención de riscos e promoción da seguridade no traballo.

u) Estudar as posibles patoloxías derivadas da actividade laboral con máis incidencia en Galicia.

v) Levar a cabo cantas outras funcións sexan necesarias para o cumprimento dos fins de prevención e promoción da seguridade e da saúde no traballo nos termos establecidos na Lei de prevención de riscos laborais.

Medios humanos e materiais

As actividades a desenvolver durante o ano 2010 dependen tamén, como se dixo, da capacidade operativa do Instituto, que á súa vez, ven condicionada polos medios á súa disposición, polo que se engade unha breve reseña aos mesmos:

Orzamento

O proxecto de orzamento de gastos para o ano 2010 do ISSGA, supón un importe total de 9.070.064 euros, para facer fronte aos gastos de persoal, funcionamento e operatividade da unidade administrativa de Santiago e dos centros provinciais, e para investimentos de carácter material e inmaterial, que se distribúe segundo o cadro seguinte.

ORZAMENTO DE GASTOS	
PERSOAL - CAPÍTULO I	5.767.367
BENS CORRENTES E SERVIZOS - CAPÍTULO II	781.497
INVESTIMENTOS REAIS - CAPÍTULO VI	2.521.200
TOTAL	9.070.064

Persoal

De igual xeito, no persoal do que dispón o Instituto reside fundamentalmente o potencial de execución das súas actividades. O cadro correspondente é o seguinte:

	Funcionarios	Laborais	Total
Santiago	21	1	22
CSSL A Coruña	33	7	40
CSSL A Lugo	17	4	21
CSSL A Ourense	15	3	18
CSSL A Pontevedra	41	5	46
TOTAL	127	20	147

Cadro resumo de actuacións 2010

Xestión de procesos		Páx.
XP 1	<u>Sistema de información</u>	18
XP 2	<u>Instrucións de traballo e normalización de procesos</u>	19
XP 3	<u>Xestión de partes de accidentes de traballo</u>	21
Observatorio Galego de Condicións de Traballo		
OGCT 1	<u>Observatorio Galego de condicións de traballo</u>	20
OGCT 2	<u>Xestión de partes de accidentes de traballo</u>	21
OGCT 3	<u>Estatísticas de sinistralidade laboral</u>	22
OGCT 4	<u>Enquisa de condicións de traballo nas empresas galegas</u>	23
OGCT 5	<u>Enquisa de condicións de traballo dos traballadores de Galicia</u>	24
OGCT 6	<u>Análise dos accidentes laborais por forma non traumática</u>	25
OGCT 7	<u>Análise dos accidentes laborais por sobreesforzos</u>	36
OGCT 8	<u>Análise dos accidentes laborais da poboación inmigrante</u>	37
OGCT 9	<u>Investigación de accidentes de traballo</u>	28
OGCT 10	<u>Investigación de enfermidades profesionais</u>	30
OGCT 11	<u>Estudo da Lipoatrofia Semicircular</u>	48
OGCT 12	<u>Plan de mellora da PRL e da xestión de emerxencias nos parques empresariais de Galicia</u>	62
OGCT 13	<u>Programa para o inventariado do amianto instalado</u>	72
Xestión da sinistralidade		
XS 1	<u>Investigación de accidentes de traballo</u>	28
XS 2	<u>Investigación de accidentes para a fiscalía</u>	29
XS 3	<u>Investigación de enfermidades profesionais</u>	30

Accións de colaboración e asesoramento técnico		
CAS 1	<u>Actuacións comprobatorias e de seguimento: actividade dos técnicos habilitados</u>	31
CAS 2	<u>Asistencias técnicas a requirimento de organismos, empresas e traballadores e traballadoras e os seus representantes</u>	32
CAS 3	<u>Desenvolvemento de convenios de colaboración con institucións e entidades</u>	33
CAS 4	<u>Grupos de Traballo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST)</u>	33
CAS 5	<u>Colaboración e asesoramento a organismos: DG Ordenación da SS: Informes coeficientes redutores</u>	35
CAS 6	<u>Colaboración e asesoramento a organismos: INSS; Equipos de valoración de incapacidades</u>	35
CAS 7	<u>Colaboración e asesoramento Autoridade laboral: Servizos de prevención alleos e entidades auditoras</u>	36
CAS 8	<u>Colaboración e asesoramento Autoridade laboral: Entidades e actividades formativas</u>	37
CAS 9	<u>Colaboración e asesoramento Autoridade laboral: Exención de auditorías</u>	38
CAS 10	<u>Amianto (RERA E PLANS)</u>	39
CAS 11	<u>Comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais</u>	34
Plans de redución		
PR 1	<u>Plan Prevea</u>	59
PR 2	<u>Plan de loita</u>	60
PR 3	<u>Plan de redución de sobreesforzos</u>	61
PR 4	<u>Plan de mellora da PRL e da xestión de emerxencias nos parques empresariais de Galicia</u>	62
PR 5	<u>Plan PEMES</u>	63
PR 6	<u>Plan Autónomos</u>	64
PR 7	<u>Plan Grandes Obras</u>	65
PR 8	<u>Programa CASSCO, Colaboración e Asesoramento en Seguridade e Saúde na Construción</u>	66
PR 9	<u>Programa Segumar</u>	67
PR 10	<u>Plan de prevención de riscos laborais no sector pesqueiro (VIXIA)</u>	68
PR 11	<u>Condições de seguridade en máquinas</u>	69
PR 12	<u>Plan de Seguridade Vial</u>	70
PR 13	<u>Amianto (xestores e transportistas de residuos)</u>	40
PR 14	<u>Amianto (empresas de abastecemento de auga e saneamento)</u>	41
PR 15	<u>Mapa de risco químico de Galicia</u>	42
PR 16	<u>Estudo epidemiolóxico canteiras</u>	71

Laboratorio de hixiene analítica		
LHA 1	<u>Laboratorio de hixiene analítica: aseguramento da calidade</u>	43
LHA 2	<u>Laboratorio de hixiene analítica: normalización de métodos analíticos</u>	44
LHA 3	<u>Laboratorio de hixiene analítica: análises externas; publicación de prezos privados</u>	45
LHA 4	<u>Verificación das fichas de datos de seguridade de produtos químicos</u>	46
Difusión e formación		
DF 1	<u>Publicacións</u>	49
DF 2	<u>Sistema de consultas</u>	51
DF 3	<u>Páxina web</u>	51
DF 4	<u>Xornadas técnicas e seminarios propios</u>	52
DF 5	<u>Xornadas técnicas e seminarios en colaboración</u>	53
DF 6	<u>Cursos básicos de PRL</u>	53
DF 7	<u>Aula virtual do ISSGA</u>	54
DF 8	<u>Formación interna</u>	55
DF 9	<u>Aula de risco eléctrico</u>	55
DF 10	<u>Escola de PRL</u>	56
Campañas de sensibilización		
CS 1	<u>Campaña de sensibilización dirixida a poboación escolar</u>	57
CS 2	<u>Campaña de sensibilización dirixida ao alumnado de formación profesional</u>	57
CS 3	<u>Campañas xerais de sensibilización</u>	58
CS 4	<u>Participación institucional en eventos rexionais ou nacionais</u>	59
CS 5	<u>Prevención de drogodependencias no ámbito laboral</u>	73

Actuacións

Denominación	Sistema de información
Descrición	A automatización de procesos de información permite un uso mais rápido, eficaz e seguro da mesma. Co obxecto de obter unha mellor explotación do coñecemento e da información xerada polo ISSGA, proporcionar un servizo máis áxil e de maior calidade aos seus “clientes”, e sistematizar os procesos internos de investigación, control e xestión, comezarase a desenvolver o fundamento informático para a administración (recompilación, organización e almacenamento) e o posterior acceso á información que entra e a que é xerada a diario polo ISSGA. Ao tempo servirá de base para desenvolver servizos de administración electrónica.
Obxectivos	- Dotar ao ISSGA dun sistema integrado e común que facilite a xestión e acceso á información manexada polas diferentes áreas departamentais. - Proporcionar un enlace directo cos sistemas corporativos da administración autonómica. - Explotar a información almacenada polo novo sistema a través de cadros de mando interactivos que sirvan de axuda na toma de decisións. Ditos cadros de mando poderán ser personalizados dependendo do perfil do usuario conectado.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
XP 1	Interno	Bienal	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 3; acción 3		Artigo 4º. g	SXAP; STP

Denominación	Instrucións de traballo e normalización de procesos
Descrición	Ata a creación do ISSGA, os Centros de Seguridade e Saúde Laboral dependían das autoridades laborais provinciais, polo que os procedementos, métodos de traballo e criterios de actuación non están unificados, sendo moi dispares nalgúns casos. Coa Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, os CSSL pasan a integrarse na súa estrutura orgánica, o que facilita a necesaria homoxeneización dos criterios e procedementos de traballo, tanto para lograr unha actuación corporativa coherente, como unha mellor calidade do mesmo.
Obxectivos	- Normalizar os procesos e criterios mediante a redacción de instrucións de traballo e documentos similares. - Apoiala, na medida do posible, con ferramentas informáticas de axuda á sistematización da información.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
XP 2	Interno	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
		Artigo 4º. v	STP; XCSSL

Denominación	Observatorio Galego de condicións de traballo
Descrición	Conformase coma un sistema de información e análise dos cambios que se están a producir nas condicións de traballo e os seus efectos sobre a seguridade e saúde laboral da poboación traballadora galega. Encargarase de recoller, procesar e analizar os indicadores preventivos de maior relevancia, co obxecto de dispoñer de información de calidade que apoie a toma de decisións en materia de prevención de riscos laborais e condicións de traballo, tanto no eido científico coma no profesional, social e político.
Obxectivos	XERAIS - Seguimento integrado da prevención de riscos laborais. - Apoio a procesos de toma de decisións. - Investigación e impacto dos programas públicos en P.R.L. - Estudo prospectivo de detección de cambios nas técnicas de produción, novos produtos ou modificacións das condicións sociolaborais que inflúan sobor os riscos existentes ou xeren outros novos para a saúde dos traballadores da comunidade. - Estructurar, manter, xestionar e difundir a información obtida. - Levar a cabo análises dos riscos laborais dende unha perspectiva de xénero e en relación con traballadores sensíbeis (maiores, novos, discapacitados, etc). ESPECÍFICOS - Recompilación, sistematización e mantemento de información actualizada. - Deseño e elaboración de indicadores, modelos e escenarios que permitan o desenvolvemento das súas funcións. - Elaboración de estudos, informes de seguimento da P.R.L en Galicia e outros documentos de interese, tanto de carácter xeral, coma sectorial ou temático - Establecemento de criterios e propostas de actuacións orientadas á mellora das condicións de traballo. - Crear un centro de documentación no seu seo. - Deseño e proposta de campañas específicas para a difusión das súas actividades: - Edición de publicacións baseadas fundamentalmente na utilización das T.I.C. - Seguimento de iniciativas estatais e europeas na materia.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
OGCT 1	Interno	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo: 5; acción 1	Artigo 4º. b	SXTP	

Denominación	Xestión de partes de accidentes de traballo
Descrición	Os datos recollidos polos partes de accidente de traballo son a base para a elaboración das estatísticas de sinistralidade. A notificación dos accidentes laborais é responsabilidade do empresario e a súa notificación á Autoridade Laboral faise a través do sistema telemático Delt@. Neste contexto, o ISSGA encárgase de validar a recepción dos partes; é dicir, a revisión dos datos cubertos no parte, tanto polo empresario como pola Entidade Xestora Colaboradora, para a súa recepción definitiva, contribuíndo deste xeito a depurar e mellorar a calidade da información de Delt@, e por tanto dos datos estatísticos e de planificación que del se extraen.
Obxectivos	- Mellorar a calidade do proceso de tramitación dos partes. - Dispoñer de datos fiables dos accidentes laborais para o seu tratamento e análise.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
XP 3; OGCT 2	Interno	Permanente	MATEPS (no seu caso)
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo: 6; acción 7	Artigo 4º. b	CSSL administración S.Seguridade SC	

Denominación	Estatísticas de sinistralidade laboral
Descrición	A estatística é unha ferramenta fundamental para calquera proxecto de estudo e investigación. A análise dos datos estatísticos referentes aos accidentes de traballo e as enfermidades profesionais constitúe un elemento esencial para a orientación e deseño dos plans de actuación preventiva e no seguimento da súa efectividade. Por iso para o ISSGA, resulta imprescindible coñecer, tratar, elaborar e difundir os informes e os datos estatísticos sobre sinistralidade laboral, pretendendo transmitir a situación preventiva en Galicia e a súa evolución.
Obxectivos	- Extracción e tratamento dos datos de accidentes de traballo e enfermidades profesionais. - Análise estatística e agrupación por sectores e provincias. - Elaboración mensual de estatísticas de sinistralidade tendo en conta a perspectiva de xénero. - Publicación mensual e documento de compilación anual.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
OGCT 3	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 6; acción 7		Artigo 4º. b	S.Seguridade SC

Denominación	Enquisa de condicións de traballo nas empresas galegas
Descrición	Un dos instrumentos para coñecer as condicións de traballo nas empresas en grande escala, son as enquisas e por iso o decidiuse realizar unha enquisa de condicións de traballo nas empresas galegas, co obxectivo de coñecer os recursos e a organización preventiva con que contan os empresarios para garantir a seguridade e saúde dos traballadores, e obter información xenérica do cumprimento da normativa neste eido. Para obter unha ampla mostra de empresas e de como se organiza a actividade preventiva, a enquisa abranguerá a xestión, os órganos de participación, as actividades preventivas e as inversións das mesmas.
Obxectivos	- Coñecer os recursos e a organización preventiva das empresas galegas. - Facer unha análise da situación preventiva das empresas.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
OGCT 4	Multisectorial	Anual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 5; acción 1		Artigo 4º. b	S.Seguridade SC

Denominación	Enquisa de condicións de traballo dos traballadores de Galicia
Descrición	Para coñecer as condicións de traballo dos traballadores o ISSGA decidiu realizar unha enquisa de condicións de traballo dos traballadores de Galicia, co obxectivo de coñecer as condicións nas que os traballadores realizan a súa actividade laboral en Galicia, a súa percepción en contraste cos datos de organización da prevención nas empresas obtidos na enquisa anterior, e cómo estas influen na súa saúde e na súa calidade de vida. Para coñecer esta realidade das condicións de traballo na nosa comunidade é necesario preguntar aos traballadores das mesmas, obtendo de este xeito datos dos riscos a que están expostos, e coñecer os factores do entorno que poidan influir na súa saúde.
Obxectivos	- Medir as frecuencias de exposición a riscos. - Facer unha análise das variables físicas, psicolóxicas, sociais organizativas do seu traballo e como se realiza o mesmo.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
OGCT 5	Multisectorial	Anual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 5; acción 1		Artigo 4º. b	S.Seguridade SC

Denominación	Análise dos accidentes laborais por forma non traumática
Descrición	Os accidentes laborais catalogados na estatística como accidentes por forma non traumática, inclúen aqueles que se producen por infartos, derrames cerebrais e outras lesións non traumáticas. Este tipo de accidentes ten un importante peso na estatística de sinistralidade laboral, especialmente no que se refire aos accidentes mortais (máis dunha cuarta parte respecto do total de accidentes mortais no ano 2008). Debido a isto, elaborárase e publicarase un estudo destes accidentes producidos por forma non traumática, de xeito que se poidan extraer conclusións efectivas para a súa prevención e redución.
Obxectivos	- Análise estatístico dos accidentes de traballo producidos de forma non traumática, desagregados por sexo, tipo e sector. - Elaboración e publicación do documento relacionado.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
OGCT 6	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 5; acción 1		Artigo 4º. b	S.Seguridade SC

Denominación	Análise dos accidentes laborais por sobreesforzos
Descrición	Actualmente, na nosa comunidade os accidentes debidos a sobreesforzos son aproximadamente a terceira parte do total de accidentes con baixa acontecidos en Galicia, polo que se fai necesario realizar un seguimento destes. Ademais é preciso analizar estes accidentes tendo en conta que, posiblemente, moitos deles non son notificados correctamente correspondendo, en realidade, a enfermidades profesionais orixinadas por axentes físicos. Por todo isto, o ISSGA elaborará e publicará un estudo estatístico dos accidentes de traballo debidos a sobreesforzos, para un mellor coñecemento conducente a unha prevención máis eficaz.
Obxectivos	- Estudo estatístico e análise dos accidentes de traballo por sobreesforzos segundo sectores e outras variables de interese. - Cuantificación dos partes de accidente por sobreesforzos que en realidade corresponden a enfermidades profesionais. - Elaboración e publicación dos documentos obtidos.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
OGCT 7	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 5; acción 1		Artigo 4º. b	S.Seguridade SC S.Ergonomía SC

Denominación	Análise dos accidentes laborais da poboación inmigrante
Descrición	A poboación inmigrante presente no tecido produtivo da nosa comunidade ten unha maior presenza non últimos tempos. Ademais distribúese de forma maioritaria en sectores produtivos coma o da construción, o cal ten unha elevada incidencia na sinistralidade laboral. Ante esta situación, faise necesario realizar unha análise da incidencia na sinistralidade laboral da poboación inmigrante en Galicia e establecer unha comparación co resto da poboación, así como analizar tamén, as peculiaridades destes sectores produtivos con alta sinistralidade laboral.
Obxectivos	- Coñecer a incidencia anual da sinistralidade na poboación laboral inmigrante en Galicia, identificando os sectores e tipoloxías mais comúns. - Análise de datos e comparanza ca poboación nacional. - Elaboración dos documentos correspondentes.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
OGCT 8	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 5; acción 1		Artigo 4º. b	S.Seguridade SC

Denominación	Investigación de accidentes de traballo
Descrición	A investigación dos accidentes de traballo permite coñecer as causas que os provocan e, en consecuencia, desenvolver a súa prevención dun xeito xenérico mediante a formulación de plans e programas de redución baseados na análise dos datos derivados das investigacións. Asemade, considerados individualmente, os informes técnicos da investigación servirán de apoio ás Autoridades Laboral, Sanitaria ou Xudicial, no exercicio das súas competencias, para a esixencia das responsabilidades dos incumprimentos que se poidan constatar, e a súa conseguinte depuración.
Obxectivos	- Investigación dos accidentes graves e mortais, ocorridos en xornada de traballo e con relación directa co mesmo, exceptuados os de tráfico e os cardiovasculares. - Investigación de accidentes leves con características peculiares (número de accidentados, sector, etc.). - Calquera dos anteriores a requirimento da ITSS ou autoridade xudicial. - Análise das causas e formas de produción e extracción das conclusións correspondentes. - Elaborar unha base de datos coas variables comúns recollidas, e publicar periodicamente un "Informe dos accidentes laborais en Galicia.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
XS 1; OGCT 9	Multisectorial	Permanente	Emerxencias 112 (AXEGA)
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
	Artigo 4º. a	E.T. Seguridade	

Denominación	Investigación de accidentes para a fiscalía
Descrición	Consonte ao protocolo de coordinación asinado entre a Consellería de Traballo (actualmente, Consellería de Traballo e Benestar) e o Ministerio Fiscal para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias. Trátase neste caso de investigar a requirimento e con presteza os accidentes que puideran dar lugar á esixencia de responsabilidades penais.
Obxectivos	- Planificación de quendas de garda para atención inmediata dos requirimentos recibidos. - Coordinación coas forzas e corpos de seguridade e coa Inspección de Traballo para unha atención inmediata. - Elaboración dos informes correspondentes.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
XS 2	Multisectorial	Permanente	ITSS, corpos de seguridade
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 8; acción 3.3		Artigo 4º. q	Gardas CSSL

Denominación	Investigación de enfermidades profesionais
Descrición	A investigación das enfermidades profesionais e as súas repercusións, permite coñecer as causas que os provocan e, en consecuencia, desenvolver a súa prevención dun xeito xenérico mediante a formulación de plans e programas de redución baseados na análise dos datos derivados das investigacións. Asemade, considerados individualmente, os informes técnicos da investigación servirán de apoio ás Autoridades Laboral, Sanitaria ou Xudicial, no exercicio das súas competencias, para a esixencia das responsabilidades dos incumprimentos que se poidan constatar, e a súa conseguinte depuración.
Obxectivos	- Investigar todas as enfermidades profesionais dos grupos 1,2,3,4,5 e 6, agás do grupo 2D, que por supor o 85% investigárase por incidencia. - Desenvolver unha instrución de traballo para a investigación das enfermidades profesionais cos aspectos a recoller, o formato do informe, os destinatarios dos informes da investigación, criterios de remisión á Inspección de Traballo, id. á empresa - Elaborar unha base de datos coas variables comúns recollidas, con miras a analizar resultados, carencias, infraccións, etc, e publicar periodicamente un “Perfil das enfermidades profesionais en Galicia”. - Incluír aspectos relacionados co xénero.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
XS 3; OGCT 10	Multisectorial	Permanente	E.T. Hixiene (cando proceda)
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo: 6; acción 7	Artigo 4º. a	E.T. Medicina	

Denominación	Actuacións comprobatorias e de seguimento: actividade dos técnicos habilitados.
Descrición	En Galicia dispónse de doce prazas de técnicos habilitadas pola Autoridade laboral para levar a cabo actuacións comprobatorias das condicións materiais ou técnicas de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo radicados en Galicia segundo o regulado no Decreto 138/2007, e consonte á convocatoria aberta coa Orde do 11 de outubro de 2007 da Consellería de Traballo. En 2009 desenvólvese unha instrución de traballo sobre as súas actuacións e un aplicativo informático para rexistralas.
Obxectivos	As súas actividades, de acordo co artigo 1 da Lei 54/2003, programáranse na Comisión Territorial da ITSS. En todo caso, realizaranse as seguintes: - Selección de empresas. - Desenvolver as actuacións comprobatorias acordadas, nos termos previstos na instrución 3/2009. - Rexistro informático e documental.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CAS 1; TH	Multisectorial/ PEME	Anual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 8; acción 2.5		Artigo 4º. r	Técnicos habilitados

Denominación	Asistencias técnicas a requirimento de organismos, empresas e traballadores e traballadoras e os seus representantes.
Descrición	O ISSGA, como organismo técnico de referencia, e consonte aos fins que lle asigna a Lei 14/2007, nomeadamente a prestación ás empresas, con especial atención ás pequenas e medianas empresas, ás traballadoras e traballadores, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais, realiza a análise das condicións de traballo cando así o solicita calquera das partes implicadas na prevención de riscos laborais, ou mesmo a autoridade xudicial.
Obxectivos	- Prestar asesoramento técnico aos colectivos mencionados en materia de seguridade e saúde laboral, dando resposta aos requirimentos que se reciban. - Elaboración de informes técnicos sobre condicións de traballo e cumprimento de normativa en materia de prevención de riscos laborais, investigación de danos para a saúde de orixe laboral, e remisión, no seu caso, á autoridade xudicial e á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CAS 2	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
		Artigo 4º. v	XCSSL

Denominación	Desenvolvemento de convenios de colaboración con institucións e entidades
Descrición	En cumprimento das nosas funcións a de colaborar e cooperar en materia de prevención de riscos laborais con outras institucións e entidades tanto públicas como privadas, compre establecer mecanismos regrados de xeito que ditas colaboracións queden rexistradas e delimitadas. Por tanto propiciaranse as colaboracións que poidan redundar tanto na mellora das condicións de traballo en Galicia, como na adquisición de coñecemento preciso para lograla. Estas articularanse como Acordos Marco de colaboración, cando se pretenda que esta sexa estable e de longa duración, ou como Convenios de colaboración que amporen actuacións máis concretas e de execución relativamente breve.
Obxectivos	- Apoiar e promover actividades para a mellora das condicións de seguridade e saúde laboral, a redución dos riscos laborais, promover a investigación de novos métodos e técnicas de seguridade, etc.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CAS 3	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 8		Artigo 4º. q	SXAP; SXTP

Denominación	Grupos de Traballo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST)
Descrición	Os Grupos de Traballo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (CNSST), permanentes ou temporais, creáronse para o estudo de temas específicos ou cuestións concretas, determinando e especificando tanto as súas funcións coma a súa composición. En representación da Administración autonómica de Galicia, os técnicos do ISSGA colaboran nos traballos desenvolvidos por estes grupos, tendo por tanto unha intervención activa nos estudos e nas políticas preventivas de nivel estatal.
Obxectivos	Manter, e na medida do posible, ampliar a participación do ISSGA nestes grupos de traballo.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CAS 4	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
	Artigo 4º. s	SXTP; CSSL	

Denominación	Comisión permanente de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais.
Descrición	Consonte o <i>Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral</i> e o <i>Decreto 181/2008, do 24 de xullo, polo que se regula o Consello Galego de Participación das Mulleres no Emprego e as Relacións Laborais</i> , e a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais, crearase unha Comisión para a Integración da Igualdade nas Políticas Autonómicas de Prevención de Riscos Laborais, como órgano colexiado adscrito ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
Obxectivos	Asesorar e orientar nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos do seguinte xeito: - Propoñendo unhas directrices sobre avaliación do risco para a saúde ou a seguridade da traballadora embarazada, que dera a luz recentemente ou en período de lactación. - Asesorando as actuacións especiais en materia de prevención de riscos laborais que sobre sectores laborais feminizados realice a Administración Pública Autonómica. - Atendendo as peticións de asesoramento que reciba, facilitando criterios e alternativas para unha correcta aplicación da PRL.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CAS 11	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo: 6; acción: 12	Artigo 4º. d	STP	

Denominación	Colaboración e asesoramento a organismos: DG Ordenación da SS: Informes coeficientes redutores.
Descrición	O Real Decreto 2366/1984, de 26 de decembro, sobre redución da idade de xubilación de determinados grupos profesionais incluídos no ámbito do Estatuto do Mineiro, require dun informe previo á resolución sobre a asignación dos coeficientes redutores. Estes informes realízaos o persoal técnico do ISSGA.
Obxectivos	- Emisión dos informes correspondentes á avaliación dos postos susceptibles de asignación de coeficiente redutor. - Cumprimento do prazo máximo previsto na Lei 30/1992, de Réxime xurídico das AA públicas e do Procedemento administrativo común.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CAS 5	Minas	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo: 8; acción 2.5	Artigo 4º. f	ET Hixiene	

Denominación	Colaboración e asesoramento a organismos: INSS; Equipos de valoración de incapacidades.
Descrición	Consonte ao Art. 2.4.2 do Real Decreto 1300/1995, de 21 de xullo, polo que se desenvolve, en materia de incapacidades laborais do Sistema da Seguridade Social, a Lei 42/1994, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orden social, técnicos do ISSGA participan nos Equipos de Valoración de Incapacidades, a nivel provincial, informando sobre os expedientes e nos termos que lle son requiridos.
Obxectivos	- Colaborar coas Direccións Provinciais do INSS participando nos seus Equipos de Valoración de Incapacidades. - Emitir os informes e ditames que o Equipo solicite.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CAS 6	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
	Artigo 4º. f	CSSL	

Denominación	Colaboración e asesoramento Autoridade laboral: Servizos de prevención alleos e entidades auditoras.
Descrición	A acreditación pola autoridade laboral de servizos de prevención alleos e de entidades que desempeñen as actividades de auditoría, precisa de informes técnicos que elabora o ISSGA, segundo o especificado nos Arts. 27 y 33 do Regulamento dos Servizos de Prevención.
Obxectivos	- Analizar as solicitudes remitidas polo Servizo de Seguridade e Saúde Laboral da D.X. de Relacións Laborais. - Verificar, por parte dos técnicos do ISSGA, o cumprimento das condicións de autorización ditadas pola autoridade laboral. - Emitir os informes correspondentes.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CAS 7; AL	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 8; acción 2.5		Artigo 4º. m	CSSL

Denominación	Colaboración e asesoramento Autoridade laboral: Entidades e actividades formativas.
Descrición	A autorización pola autoridade laboral de entidades formativas e das súas actividades, precisa de informes técnicos que elabora o ISSGA, sobre os requisitos establecidos no Capítulo III da Orde do 27 de xuño de 1997 (ministerial) e no Art. 2 da Orde do 12 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a acreditación das entidades formativas para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.
Obxectivos	- Analizar as solicitudes remitidas polo Servizo de Seguridade e Saúde Laboral da D.X. de Relacións Laborais. - Verificar, por parte dos técnicos do ISSGA, o cumprimento das condicións de autorización ditadas pola autoridade laboral. - Emitir os informes correspondentes.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CAS 8; AL	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo: 8; acción 2.5	Artigo 4º. m	CSSL	

Denominación	Colaboración e asesoramento Autoridade laboral: Exención de auditorías.
Descrición	Consonte á Orde do 16 de febreiro de 2009 pola que se lle da publicidade ao acordo polo que se lle encomenda ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral o desenvolvemento material das actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos relativos a exencións de auditorías en aplicación do Real decreto 39/1997.
Obxectivos	Cumprimento da encomenda: - Recepción das notificacións de cumprimento das condicións de exención. - Revisión da documentación presentada, e reclamación de documentación pendente ou incorrecta. - Elevación á autoridade laboral, no seu caso, da proposta de requirimento da realización da auditoría. - Mantemento dos rexistros correspondentes.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CAS 9; AL	Multisectorial/ PEME	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 8; acción 2.5		Artigo 4º. f	CSSL

Denominación	Amianto (RERA E PLANS)
Descrición	En cumprimento da encomenda do desenvolvemento material de diferentes actividades relacionadas coa tramitación de expedientes e rexistro de datos en aplicación do Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables ao traballos con risco de exposición ao amianto (Orde do 2 de decembro de 2008, DOG núm. 240 do 11 de decembro de 2008). Entre estas actividades están a xestión do Rexistro de empresas con risco pos amianto (RERA), a recepción e tramitación dos plans de traballo ata a súa aprobación, os requirimentos e comunicacións de diferente índole que hai que realizar aos interesados e as notificacións das resolucións ditadas pola autoridade laboral. No ano 2009 elaborouse a Instrución 2/2009 que marca os criterios principais e procedementais polos que se rexe a actividade do ISSGA con respecto ó tratado neste epígrafe.
Obxectivos	- Cumprimento de todas as tarefas relacionadas coa encomenda de xestión antes nomeada. - Posta en marcha dunha aplicación informática para a optimización da xestión de todos os datos relacionados cos trámites e rexistros sinalados.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CAS 10; AL	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 4; acción 1.3		Artigo 4º. s	Hixiene SC e CSSL

Denominación	Amianto (xestores e transportistas de residuos)
Descrición	Tanto os vertedoiros autorizados para residuos de amianto como os transportistas deste tipo de residuos realizan traballos que están no ámbito de aplicación do RD de amianto (RD 396/2006) e polo tanto as empresas que realizan estas actividades deben estar inscritas no RERA e contar cun plan de traballo aprobado para tales actividades.
Obxectivos	Obxectivo global: Potenciar o cumprimento da normativa legal sobre a protección dos traballadores expostos ao amianto RD 396/2006 Obxectivos específicos: – Actuar sobre o sector de xestores de vertedoiros e transportistas de residuos que conteñen amianto co fin de que executen estes traballos ao abeiro do RD 396/2006. – Prestar a información e o asesoramento necesarios para o cumprimento do RD396/2006 (trámites administrativos, avaliación dos riscos, medidas de prevención e protección da saúde....)

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 13	Residuos	Anual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 4; acción 1.3		Artigo 4º. j	E.T. Hixiene

Denominación	Amianto (empresas de abastecemento de auga e saneamento)
Descrición	As canalizacións de fibrocemento foron amplamente utilizadas tanto nas redes de saneamento como de abastecemento de augas. Na actualidade existen cantidades considerables deste tipo de canalizacións e os traballadores encargados da reparación de avarías neste tipo de redes teñen que intervir sobre eles con frecuencia. Estes traballos están incluídos no ámbito de aplicación do RD de amianto (RD396/2006) e polo tanto as empresas que os realizan deben estar inscritas no RERA e facer estes traballos ao abeiro dun plan de traballo aprobado pola autoridade laboral.
Obxectivos	Obxectivo global: Potenciar o cumprimento da normativa legal sobre a protección dos traballadores expostos ao amianto R.D. 396/2006 Obxectivos específicos: – Actuar sobre o sector de empresas que realizan traballos nas redes de abastecemento e saneamento de augas co fin de que executen estes traballos ao abeiro do R.D. 396/2006. – Prestar a información e o asesoramento necesarios para o cumprimento do R.D. 396/2006 (trámites administrativos, avaliación dos riscos, medidas de prevención e protección da saúde....)

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 14	Construción	Anual	Concellos
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo: 4; acción 1.3	Artigo 4º. j	E.T. Hixiene	

Denominación	Mapa de risco químico de Galicia
Descrición	Elaboración dun mapa de risco en utilización de produtos químicos por sectores, subsectores, ramas, territorios e empresas, segundo criterios de prioridade. A elaboración deste mapa permitirá no futuro definir dun xeito preciso os sectores e produtos químicos máis utilizados na comunidade autónoma para centrar neles as actuacións que se consideren oportunas (plans de actuación, accións formativas e de asesoramento...). Este programa complementaríase co programa de verificación das fichas de seguridade de produtos químicos. Este proxecto desenvolveríase en diferentes fases e o seu alcance poderíase prolongar no tempo a 2 ou 3 anos.
Obxectivos	- Identificar as empresas con risco químico en Galicia - Identificar os produtos químicos que se manexan nas empresas (materias primas, produtos intermedios e produtos finais) - Identificar exposicións inadvertidas a produtos do ámbito de aplicación do RD 665/1997 de axentes canceríxenos e a outros produtos de especial perigosidade - Identificar número de traballadores expostos. - Comunicar ás empresas implicadas as exposicións inadvertidas. - Obter unha base datos que recolla a información máis relevante dos produtos químicos máis utilizados na nosa CA.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 15	Industria	Plurianual	SPA (posible)
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo: 6; acción 7	Artigo 4º. k	Hixiene SC e CSSL	

Denominación	Laboratorio de hixiene analítica: aseguramento da calidade
Descrición	O artigo 8.1. do Decreto 130/2008, de 19 de xuño dálle carácter de órgano de referencia. A acreditación é a ferramenta establecida a escala internacional para xerar confianza dun Laboratorio de ensaio. Representa o recoñecemento formal da competencia técnica dun laboratorio e un xeito seguro de identificar aqueles que ofrecen máxima fiabilidade nas súas determinacións e servizos. Iniciado o proceso previo á acreditación por parte de ENAC do cumprimento dos requisitos de calidade de laboratorios segundo a Norma UNE-EN ISO-IEC 17025, en 2010 rematarase a elaboración da documentación e procedementos técnicos necesarios: procedementos de análises, fichas de toma de datos, fichas dos equipos, establecemento do sistema de calidade, etc.
Obxectivos	Xeral: Asegurar a calidade dos procedementos utilizados na análise de mostras no laboratorio. Específicos: - Elaboración do manual de calidade do laboratorio. - Realizar actuacións formativas encamiñadas á acreditación. - Realización dos controis de calidade internos e externos. - Solicitar a ENAC a auditoría para a acreditación. - Acreditación para reconto de fibras de amianto, consonte ao RD 396/2006. - Participación no Programa de intercomparación da calidade das analíticas (INSHT).

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
LHA 1	Multisectorial	Anual	Outros laboratorios
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 8; acción 2.5		Artigo 4º.v	Labo. Hixiene

Denominación	Laboratorio de hixiene analítica: normalización de métodos analíticos
Descrición	A normalización de métodos e elaboración e validación de procedementos de traballo normalizados son fundamentais no proceso de acreditación segundo a norma UNE- EN ISO-IEC 17025 comezado polo laboratorio de hixiene analítica, ao tempo que para a realización de ensaios interlaboratorios precísase que se axusten aos protocolos de validación do Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo. Compre tamén, trala adquisición de equipos novos, adaptar a eles as técnicas habituais, especialmente co desenvolvemento de métodos que se levan a cabo por Cromatografía Líquida de Alta Resolución (HPLC), en particular a determinación de metabolitos en urina, a determinación de isocianatos en aire e a determinación de formaldehído en aire.
Obxectivos	-Participación no programa de normalización de métodos do INSHT. -Posta a punto dos métodos ambientais e biolóxicos conforme aos novos equipos de Laboratorio. -Participación en ensaios interlaboratorio. -Realizar ensaios intralaboratorio de control de calidade e validación.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
LHA 2	Multisectorial	Anual	Outros laboratorios
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
		Artigo 4º.v	Labo. Hixiene

Denominación	Laboratorio de hixiene analítica: análises externas; publicación de prezos privados
Descrición	Procederáse ao tempo que se remate o proceso de acreditación do laboratorio á análise de mostras de procedencia externa, coa publicación da listaxe de prezos privados do laboratorio, polo que ademais da análise propiamente dita, estableceranse procedementos e protocolos que comprendan dende a solicitude dá análise por parte do cliente, pasando pola recepción de mostras e a xestión das mesmas dentro do laboratorio, ata a de remisión do resultados.
Obxectivos	- Publicación da listaxe de prezos privados. - Explotación estatística de datos en relación coas mostras de procedencia externa.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
LHA 3	Multisectorial	Anual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
		Artigo 4º.v	Labo. Hixiene

Denominación	Verificación das fichas de datos de seguridade de produtos químicos
Descrición	O R.D. 374/2001 sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo, indica, no seu artigo 3, que a principal fonte de información que ten o empresario para descubrir as propiedades perigosas dos axentes, co obxecto de realizar a avaliación dos riscos derivados da súa utilización, é a información que deba facilitar o proveedor, ou que poida solicitarse deste, e que deberá incluír a Ficha de datos de seguridade (FDS). Por outra banda os métodos simplificados de avaliación do risco químico, que nalgúns casos permiten avaliar os riscos sen necesidade de mostraxe ambiental, baséanse precisamente na información sobre os axentes químicos que se manexan xuntamente coa análise das condicións de traballo. As FDS ademais de conter información sobre a perigosidade intrínseca do produto, inclúen recomendacións para a súa manipulación, almacenamento, transporte e eliminación, así como medidas que convén tomar en diversas situacións de risco. O Regulamento (CE) nº 1272/2008 “REACH”, que é a nova regulación sobre substancias e preparados en Europa, fai modificacións na FDS: estas ofertarán unha información máis completa e nalgúns casos incorporarán os “escenarios de exposición” que son un elemento clave para a xestión do risco. A nova normativa sobre as propiedades, a clasificación e a etiquetaxe- adaptada ao Sistema Global Harmonizado de clasificación e etiquetaxe de Produtos Químicos (GHS)-, plásmase no Regulamento (CE) nº 1272/2008 , que crea un sistema de etiquetaxe e elaboración das FDS baseado en pictogramas para que sexa universalmente comprensible. Este novo sistema deberá aplicarse ás substancias con carácter obrigatorio a partir do 1 de decembro de 2010 e para preparados a partir do 1 de xuño de 2015. O proxecto que se propón permitirá, posteriormente, establecer unha comparación coa información que proporcionarán as FDS unha vez implantado o GHS

Obxectivos	Análise do contido das FDS de que se dispón para coñecer se se axustan á normativa e se proporcionan a información e recomendacións necesarias para a avaliación de riscos e a selección e implantación das condicións de manipulación e traballo máis axeitada: – Analizar toda a normativa legal referente ás fichas de datos de seguridade e o seu contido. – Deseñar e elaborar unha base de datos que facilite a introdución da información contida nos distintos campos de cada ficha. – Revisión das fichas. O traballo centrarase fundamentalmente nos campos de maior importancia para a saúde dos traballadores potencialmente expostos a estas substancias: composición e información sobre os compoñentes, identificación dos perigos, medidas de primeiros auxilios, manipulación e almacenamento, controis da exposición e protección persoal, información toxicolóxica. – Definiranse os sectores de actividade máis significativos na nosa comunidade autónoma que se seleccionarán para esta análise. (coordinación co programa de elaboración do mapa de risco químico)
-------------------	---

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
LHA 4	Hixiene	Permanente	E.T. Hixiene
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 6; acción 7		Artigo 4º. k	Labo Hixiene

Denominación	Estudo da Lipoatrofia Semicircular
Descrición	A lipoatrofia semicircular (LS) é unha afección de carácter leve que se caracteriza pola atrofia do tecido adiposo subcutáneo e que afecta sobre todo ao sexo feminino. Está asociada co traballo en edificios modernos, nos que se utilizan diferentes aparatos eléctricos (pantallas, ordenadores, teléfonos faxes, impresoras...) e en xeral co traballo en ambientes de oficina. Es España dende o ano 2007 cóñécense máis de 800 casos notificados en diferentes edificios, probablemente o número de casos sexa moito maior pero pasan desapercibidos ao non ser comunicados en ocasións por descoñecemento. Barállanse diferentes factores como causantes desta afección, entre eles a presenza de electricidade estática e de campos electromagnéticos. É necesario ter datos epidemiolóxicos que permitan un mellor coñecemento dos factores que poden desencadear a LS para poder actuar no futuro en consecuencia. Algunhas Comunidades Autónomas posúen protocolos para actuar e notificar os casos á autoridade laboral e sanitaria.
Obxectivos	Obxectivo xeral: Elaborar un protocolo de actuación e de notificación ante casos de LS na nosa CA. Obxectivos específicos: - Dar pautas para o estudo das condicións ambientais. - Establecer un protocolo de diagnóstico e seguimento médico en paralelo - Tratamento estatístico dos datos recollidos. - Asesoramento e información necesaria ao empresario e ao servizo de prevención.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
OGCT 11	Servizos	Anual	S. Hixiene SC
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo 6; acción 7	Artigo 4º. u	ET Medicina	

Denominación	Publicacións
Descrición	O ISSGA, como organismo científico-técnico e como punto de encontro da prevención en Galicia é xerador dun coñecemento que se debe transmitir aos interesados na prevención de riscos laborais e a sociedade en xeral. Tamén deben comunicarse os constantes cambios técnicos e normativos. Por iso, iniciou en 2009 a publicación de textos técnicos, xeralmente de carácter monográfico, segundo as seguintes categorías: - Follas de Prevención (aspectos concretos da seguridade e a saúde laboral, cun formato actual, de fácil lectura e periodicidade mensual). - Temas de prevención (sobre un tema concreto e periodicidade trimestral). - Folletos / Carteis: Sobre elementos puntuais. - Audiovisuais
Obxectivos	- Promoción de condutas preventivas a través de publicacións de interese en prevención de riscos laborais. - Manter a publicación das “Follas de Prevención”. - Editar publicacións monográficas dirixidas a sectores de actividade concretos. - Ampliar a capacidade de difusión do coñecemento xerado. - Transmitir os resultados das investigacións e estudos realizados polo ISSGA.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
DF 1	Xeral	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 6; acción 9		Artigo 4º. g	STP

Denominación	Xestión documental
Descrición	Ata a creación do ISSGA, os centros de seguridade e saúde laboral dependían da autoridade laboral provincial, polo tanto existe unha duplicidade de publicacións periódicas, servizos web de documentación e outros documentos similares. Coa Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, os CSSL pasan a integrarse na estrutura orgánica do mesmo co que é necesario crear un fondo documental común con tódalas publicacións periódicas, monografías, etc. para que deste xeito os técnicos de tódolos centros poidan ter acceso directo á documentación existente en prevención de riscos laborais. A xestión documental engloba a tramitación da solicitude, a recepción, rexistro, mantemento das bases de datos e rutas de acceso, etc.
Obxectivos	- Crear un sistema de xestión documental cos fondos bibliográficos existentes nos CSSL e coa adquisición e elaboración de novos documentos. - Inclúese tamén a xestión de solicitudes de acceso a outros fondos bibliográficos mantidos por outros organismos (por exemplo, o sistema bibliosaúde do SERGAS).

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
XP 4	Interno	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 3; acción: 4.1		Artigo 4º. v	S Formación S.C

Denominación	Sistema de consultas
Descrición	Dende a creación do ISSGA as consultas feitas por persoas físicas e xurídicas non deixaron de aumentar no seu número. Por esta cuestión, regularizouse o proceso interno de contestación destas consultas (telefónicas, formuladas de forma persoal, vía web, correo postal, correo electrónico ou fax), mediante o Protocolo 1/2009, para desta maneira conseguir unha maior calidade e estandarización na prestación deste servizo.
Obxectivos	Dar resposta a tódalas consultas formuladas telefonicamente, de forma persoal ou por escrito.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
DF 2	Xeral	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 3; acción: 4.2		Artigo 4º. v	STP

Denominación	Páxina web
Descrición	Plataforma de comunicación que facilita a participación de toda a comunidade galega, dando resposta ás consultas e mantendo informados a tódolos sectores. Nela se inclúe información de carácter legal e técnica, publicación dixitais, accións formativas, consultas, ligazóns de interese, estatísticas de sinistralidade e as novas e eventos que se produzan no eido da prevención de riscos laborais. Ademais está prevista a creación dunha web 2.0 que permita crear un punto de encontro da prevención de riscos laborais máis interactivo e dinámico.
Obxectivos	A web do ISSGA pretende ser un instrumento que permita facilitar e axilizar as relacións e a participación dos diferentes axentes implicados na prevención.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
DF 3	Xeral	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 6; acción: 9		Artigo 4º. g	STP

Denominación	Xornadas técnicas e seminarios propios
Descrición	Os cambios permanentes das actividades e procesos produtivos, a introdución de tecnoloxías novas e a promulgación de nova normativa fai precisa unha actualización permanente de coñecementos no eido da PRL para adecualos progreso tecnolóxico, científico e lexislativo. A divulgación destes coñecementos é unha parte fundamental da PRL; o sexto obxectivo da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo consiste en potenciar a formación en materia de prevención dos riscos laborais. O labor do ISSGA neste ámbito deberá de seguir sendo un dos seus maiores obxectivos.
Obxectivos	- Programación e impartición de xornadas técnicas de actualización de coñecementos así como de divulgación xeral e específica. - Formar a técnicos de prevención, delegados de prevención, empresarios, profesionais liberais, etc., en materias específicas relacionadas coa PRL.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
DF 4	Multisectorial	Anual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 2; acción 3.2 Obxectivo: 8; acción 1.3		Artigo 4º.g	E.T. Formación

Denominación	Xornadas técnicas e seminarios en colaboración
Descrición	Os cambios permanentes das actividades e procesos produtivos, a introdución de tecnoloxías novas e a promulgación de nova normativa fai precisa unha actualización permanente de coñecementos no eido da PRL para adecualos ao progreso científico e tecnolóxico. O ISSGA, como órgano técnico-científico da administración debe ser referente na difusión do coñecemento en materia preventiva, concentrando nos seus Centros accións formativas, non só propias, senón tamén en colaboración con outras entidades, de xeito que se convertan en focos de transmisión de saber preventivo.
Obxectivos	- Promoción da celebración de xornadas técnicas de PRL nos CSSL, organizadas por outras entidades ou en colaboración co ISSGA. - Formar a técnicos de prevención, delegados de prevención, empresarios, profesionais liberais, etc., en materias específicas relacionadas coa PRL.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
DF 5	Multisectorial	Anual	Mutuas, SPA, Administracións
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 2; acción 3.2 Obxectivo: 8; acción 1.3		Artigo 4º.g	E.T. Formación

Denominación	Cursos básicos de PRL
Descrición	Acción formativa impartida nos catro Centros do ISSGA que corresponde ao contido mínimo do programa para o desempeño das funcións de nivel básico de acordo co anexo IV do Regulamento dos Servizos de Prevención. Estes cursos, con carácter xeral, teñen una duración de 30 ou 50 horas.
Obxectivos	Proporcionar a empresarios, traballadores, autónomos ou por conta allea, traballadores designados e delegados de prevención, a formación suficiente e axeitada que capacita para o desenvolvemento das funcións de nivel básico especificadas no artigo 35 do Regulamento dos servizos de prevención, que permita a súa participación na promoción da prevención nas súas empresas.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
DF 6	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo: 8; acción 1.8	Artigo 4º.g	E.T. Formación	

Denominación	Aula virtual do ISSGA
Descrición	A formación por vía telemática estase a converter nun instrumento cada paso máis habitual e eficiente, pola súa flexibilidade e capacidade de extensión. A aula virtual do ISSGA consiste polo momento na realización, a través dunha plataforma en liña de varias edicións do curso básico de prevención de riscos laborais de 60 horas, que corresponde ao contido mínimo do programa de formación para o desempeño das funcións de nivel básico, establecido no Anexo IV-A) do Regulamento dos Servizos de Prevención (50 horas), cun engadido sobre prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero (10 horas).
Obxectivos	Facer máis accesible a formación en prevención de riscos laborais, dun xeito sinxelo e eficaz, chegando ás persoas alonxadas xeograficamente dos centros ou que non poden asistir as accións formativas por incompatibilidade horaria, fomentando unha formación continua en prevención de riscos dun xeito personalizado e interactivo.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
DF 7	Multisectorial	Anual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo: 8; acción 1.8	Artigo 4º.g	S Formación SC	

Denominación	Formación interna
Descrición	A actualización dos coñecementos e a adquisición de novas cualificacións en materia de prevención de riscos laborais dos técnicos do ISSGA fai imprescindible establecer un programa de formación interna dirixido aos mesmos mediante a súa asistencia a xornadas técnicas, seminarios, cursos e congresos, e a organización de xornadas propias do ISSGA para o seu persoal.
Obxectivos	- Formar aos novos técnicos que se incorporen ó cadro de persoal do Instituto. - Actualizar os coñecementos dos técnicos do Instituto. - Organizar cursos internos de formación sobre temas específicos relacionados coa PRL.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
DF 8	Multisectorial	Anual	Entidades especializadas
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 8; acción 1.3		Artigo 4º.g	SXTP; ET Formación

Denominación	Aula de risco eléctrico
Descrición	A cualificación en materia de PRL non pode ser só teórica, e o apoio da práctica é fundamental para desenvolver hábitos seguros no traballo. Os traballos en electricidade pódense simular, en xeral, nun espazo limitado, a condición de dispor dos equipos axeitados, polo que a implantación dun aula práctica sobre os riscos desta actividade proporcionará un apoio formativo de grande utilidade.
Obxectivos	- Habilitar un espazo físico coma aula de risco eléctrico - Dotala cos equipos axeitados para simular escenarios e situacións prácticas de traballo. - Organizar e difundir actividades en consonancia.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
DF 9	Multisectorial / industria	Permanente	Gas natural-Unión Fenosa
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 6; acción 17		Artigo 4º. g	E.T. Formación

Denominación	Escola de PRL
Descrición	Establecido xa, neste espazo totalmente acondicionado se levan adiante actividades de información, formación e divulgación en prevención de riscos laborais por persoal cualificado. O local dispón de aulas de formación (cursos, xornadas, ...), biblioteca (zona lectura, área interactiva, ...), aulas de prevención (con diversos escenarios en tamaño real que recrean situación de risco de xeito temático). Así mesmo, dispón dunha páxina web e se elabora diverso material relacionado coa prevención (guías técnicas, folletos, revistas, cómics, concurso, xogos preventivos, ...).
Obxectivos	Dispor de xeito permanente dun espazo físico que responda ás necesidades de formar docentes, educadores, escolares e á cidadanía galega no eido da prevención de riscos laborais.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
DF 10	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 2; acción 2.3		Artigo 4º. g	S Formación SC

Denominación	Campaña de sensibilización dirixida a poboación escolar
Descrición	Campaña de sensibilización, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sobre a prevención de riscos laborais no traballo, dirixida aos alumnos de educación primaria e secundaria. A campaña ten como fío condutor unha mascota que actúa previndo situación de perigo da vida cotiá e desenvólvese a través dun vehículo promocional dotado dun espazo formativo e diverso material, que visita os centros escolares poñendo en práctica diferentes actividades co alumnado: proxección dun vídeo promocional en 3D, concursos, charlas, etc.
Obxectivos	Inculcar e espallar nestas idades a vocación preventiva dun xeito ameno e divertido para que actúen de correo de transmisión desta concienciación cara aos seus maiores.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CS 1	Alumnos primaria	Anual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo 2; acción 2.1	Artigo 4º. g	S Formación SC	

Denominación	Campaña de sensibilización dirixida ao alumnado de formación profesional
Descrición	Campaña de promoción para potenciar a prevención de riscos laborais entre o alumnado de formación profesional de Galicia, así como no equipo docente. A campaña incorpora actuación en distintos medios de comunicación que cheguen ao público obxectivo, incidindo en accións especiais nos centros. Conta con elementos publicitarios de difusión da mensaxe e lúdicos que fomentan a participación e o espírito de equipo.
Obxectivos	- Que os estudantes de formación profesional se conciencien da importancia da seguridade e a saúde laboral no traballo. - Que, como futuros profesionais, demanden que nos seus traballos estean postos en marcha os mecanismos de prevención de riscos laborais axeitados.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CS 2	Alumnos FP	Anual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 2; acción 2.1		Artigo 4º. g	S Formación SC

Denominación	Campañas xerais de sensibilización
Descrición	Campañas de sensibilización sobre Prevención de Riscos Laborais dirixidas a implantar unha cultura preventiva na sociedade galega. Poderanse desenvolver a través da rede, en medios de comunicación escritos e audiovisuais, así como por medio publicidade exterior. Trátase de sensibilizar, formar e concienciar a sociedade sobre a necesidade da prevención de riscos laborais.
Obxectivos	- Implantar unha auténtica cultura preventiva no conxunto da sociedade, en aras de acadar un marco da seguridade e saúde laboral para que a poboación galega desenvolva o seu traballo nun contorno de calidade. - Sensibilizar, formar e concienciar a sociedade sobre a necesidade da prevención de riscos laborais.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CS 3		Anual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 2; acción: 1		Artigo 4º. g	S Formación SC

Denominación	Participación institucional en eventos rexionais ou nacionais
Descrición	O ISSGA conta cunha imaxe corporativa como signo de identidade propia e elemento de diferenciación. Tras a súa posta en marcha, e co fin de difundir as súas actividades, o Instituto dotouse dun posto promocional, adaptado á súa imaxe corporativa. No posto do ISSGA expónse material bibliográfico, folletos divulgativos, DVDs das campañas, actuacións realizadas e artigos de <i>merchandising</i>.
Obxectivos	- Participar institucionalmente en congresos, feiras e eventos tanto nacionais como rexionais para difundir as actividades do instituto.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CS 4			
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo: 2; acción: 3.1		Artigo 4º. g	S Formación SC

Denominación	Plan Prevea
Descrición	O programa Prevea é un programa voluntario orientado á redución de accidentes en empresas de alta sinistralidade laboral. Este programa, que está recollido na Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2007-2012, empezou como un proxecto piloto en catro comunidades e foi aprobado con posterioridade para ser estendido a todas as comunidades autónomas. Concretamente o 15 de decembro de 2008 no seo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo foi aprobado o seu procedemento para levalo a cabo.
Obxectivos	- O obxectivo principal do programa Prevea, que terá unha duración de 24 meses, é reducir a sinistralidade laboral nas PEMES proporcionando unha ferramenta útil que complemente os plans e programas que xa aplican as empresas, as mutuas e as administracións públicas. - Implantación do programa na nosa comunidade.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 1	Multisectorial	Bienal	Autorid. Laboral, SPA, Mutuas
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 6; acción 11 Obxectivo 7, acción 3		Artigo 4º. t	SXTP

Denominación	Plan de loita
Descrición	No Plan Estratéxico 2006-2010 defínese que este programa será de carácter permanente e desenvolverase a través de accións ou plans específicos sectorializados de carácter temporal ou periódico. Serán de control prioritario as circunstancias que reflicte o artigo 16.2 da Lei de Prevención de riscos laborais. Por tanto manterase este Plan, actualizando as empresas seleccionadas, en base aos criterios de accidentalidade total e relativa, pero con datos de 2009. Neste ano fíxose a Instrución 1/2009 na que se reflicten os criterios e a metodoloxía empregada no dito ano.
Obxectivos	Reducir a sinistralidade laboral en empresas cunha elevada taxa de produción de accidentes.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 2	Multisectorial	Anual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 6; acción 2		Artigo 4º. a	E.T. Seguridade; XCSSL

Denominación	Plan de reducción de sobreesforzos
Descrición	Actualmente, na nosa comunidade os accidentes debidos a sobreesforzos son aproximadamente a terceira parte do total de accidentes con baixa acontecidos en Galicia, o que pon de manifesto a necesidade de establecer un plan de acción para mellorar a situación preventiva das empresas cun índice máis elevado deste tipo de accidentes por sobreesforzo e afondar na situación actual deste modo de accidentes.
Obxectivos	- O obxectivo principal do programa é reducir a taxa de produción de sobreesforzos nas empresas que tivesen un elevado número de accidentes por sobreesforzo no ano 2009, así como analizar os aspectos que poidan estar na orixe destes accidentes. - Levar a cabo un seguimento das empresas que tivesen unha alta taxa de produción de sobreesforzos no ano 2009 e para iso, mediante a visita dun técnico, recadar os datos preventivos necesarios. - Emitir os informes coas recomendacións para o cumprimento das obrigas preventivas e un prazo para a súa corrección. - Efectuar tantas visitas como se consideren oportunas para comprobar se se cumpriron as recomendacións realizadas á empresa.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 3	Multisectorial	Anual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 6; acción 2		Artigo 4º. a	S. Ergonomía

Denominación	Plan de mellora da PRL e da xestión de emerxencias nos parques empresariais de Galicia
Descrición	Os parques empresariais asociados á Federación Galega de Parques Empresariais, abranguen unhas 6.000 empresas e máis de 60.000 traballadores. A agrupación en parque introduce unhas connotacións específicas en canto á posible incidencia mutua, especialmente en casos de emerxencia. Compre por tanto coñecer as posibilidades e a entidade de ditas incidencias cara á proposta de melloras na xestión, tanto da PRL como das emerxencias
Obxectivos	Análise da situación nos parques empresariais de Galicia que contan con entidades federadas á FEGAPE, en relación ao nivel de prevención de riscos laborais, tanto a nivel xeral como respecto ás empresas que están situadas nestes parques empresariais. Obter información de cara ao deseño de estratexias dirixidas a garantir a seguridade e saúde das persoas ante os riscos no traballo e ante as situacións de emerxencias que poidan presentarse nos devanditos parques empresariais.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 4; OGCT 12	Multisectorial	Anual	FeGaPE, DX Emerxencias
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
	Artigo 4º. v	SXTP; S.SeguridadeSC	

Denominación	Plan PEMES
Descrición	A Estratexia Europea, a Española de Seguridade e Saúde no Traballo, e o Plan Estratéxico para a PRL en Galicia recollen amplamente as PEMES como receptoras preferentes do apoio das institucións para o cumprimento das súas obrigas, e facilitarlles a xestión da prevención mediante accións de asesoramento. O 99,9% das empresas españolas son PEME, e baixando ás microempresas, estas empregan a máis do 50% dos traballadores, polo que as accións encamiñadas á mellora da súa prevención terán unha importante incidencia. Ao marxe doutras accións contidas neste Plan, con orientación prioritaria sectorial (programa CASSCO, Plan Vixía, PreVea, etc.) precísase dunha acción global de asesoramento.
Obxectivos	- Establecer mecanismos de información e asesoramento específicos para este estrato, accesibles e sinxelos. - Consolidar os contidos virtuais elaborados implantando a campaña virtual específica na web do ISSGA. - Desenvolver, tamén na web, canles de participación e interactividade, especialmente para consultas en materia preventiva.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 5	Multisectorial	Plurianual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 6; acción 11		Artigo 4º. t	SXTP

Denominación	Plan Autónomos
Descrición	A presenza do traballo autónomo é cada vez máis importante e diversa no ámbito laboral. Na economía de Galicia, algúns sectores de tradición e peso, como a actividade agrícola, a pesca e o pequeno comercio susténtanse fundamentalmente na actividade de traballadores autónomos. A lei de prevención de riscos laborais é aplicable ao traballador autónomo con asalariados, pero só de forma indirecta e derivada ao traballador autónomo sen asalariados. A Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do Traballo Autónomo, dedica o seu artigo 8º á prevención de riscos laborais, recalcando o papel activo que as Administracións Públicas competentes han de asumir en relación coa prevención de riscos laborais dos traballadores autónomos: – Por medio de actividades de promoción da prevención. – Con asesoramento técnico. – Con vixilancia e control do cumprimento polos traballadores autónomos da normativa de prevención de riscos laborais. – Promovendo unha formación en prevención específica e adaptada ás peculiaridades dos traballadores autónomos. Todo iso fai de vital importancia potenciar liñas de actuación específicas que melloren a integración da prevención de riscos laborais nos traballadores autónomos.
Obxectivos	O obxectivo xeral é integrar a prevención de riscos laborais nos traballadores autónomos. Como obxectivos específicos temos: – Establecer mecanismos de información e asesoramento técnico ao traballador autónomo. – Colaboración nas tarefas de vixilancia da saúde. – Facilitarlle a formación en materia de prevención de riscos laborais. – Promover a cultura preventiva neste colectivo.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 6	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo 6; accións 10.2 e 13	Artigo 4º. t	SXTP	

Denominación	Plan Grandes Obras
Descrición	A gran obra civil presenta peculiaridades dende o punto de vista preventivo, tanto pola súa magnitude, implicando a numerosos traballadores, e habitualmente a gran número de empresas cunha complicada estrutura organizativa de subcontratacións, como pola utilización de técnicas construtivas complexas e novidosas, os dilatados prazos de execución, e moitas veces o carácter de mobilidade cando se trata de infraestruturas viarias. Asemade, a visibilidade dos accidentes que se producen nestas obras non se corresponde coa realidade da súa incidencia, e ten un efecto negativo sobre a percepción sobre as condicións de seguridade nas que se desenvolven. Por iso, é preciso tratamento diferenciado, tanto dende o punto de vista do asesoramento como do control da práctica da prevención en este tipo de obras, cunha implicación
Obxectivos	Establecer procedementos de asesoramento, colaboración e control sobre as condicións de seguridade e hixiene das obras civís de gran entidade. Promover mecanismos de colaboración e comunicación coas direccións facultativas e coordinadores de seguridade e saúde destas obras. Definir e protocolizar as actividades técnicas do ISSGA neste eido.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 7	Construción	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 6; acción 1		Artigo 4º. a	E.T. Seguridade

Denominación	Programa CASSCO, Colaboración e Asesoramento en Seguridade e Saúde na Construción
Descrición	Iniciado en 2009 en virtude dun convenio de colaboración entre o ISSGA e a Fundación Laboral da Construción en Galicia, este programa consiste no asesoramento voluntario en materia de PRL en obras, preferentemente de edificación e executadas por PEMES, coa realización de visitas a pé de obra e a emisión de informes técnicos con diagnóstico de situación e propostas de corrección e mellora.
Obxectivos	Asesoramento e información sobre as obrigas normativas e novidades legislativas en materia de PRL a obras de edificación. Detectar actos e condicións inseguras, informando á empresa e asesorar sobre a súa corrección. Detectar necesidades formativas de empresarios e traballadores. Comprobar a adecuación da xestión da PRL nas obras. Verificar a adecuación e mantemento dos equipos de traballo

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 8	Construción	Plurianual	FLC Galicia
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 6; acción 1		Artigo 4. I	SXTP

Denominación	Programa Segumar
Descrición	Colaboración entre os Ministerios de Fomento, Traballo e Inmigración, de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, e a Consellería de Traballo na realización de inspeccións a buques en Galicia . Un técnico do ISSGA acompaña na visita de inspección a un inspector de Traballo, un inspector de Fomento e un médico do ISM. Continuarase a realizar en 2010.
Obxectivos	Reducir a sinistralidade laboral en buques de pesca.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 9	Pesca	Anual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo 6; acción 1	Artigo 4. a	ET Seguridade	

Denominación	Plan de prevención de riscos laborais no sector pesqueiro (VIXIA)
Descrición	O sector da pesca é un dos que se consideran tradicionalmente como de alto risco, debido as súas peculiaridades, entre as que cabe subliñar a inseguridade propia derivada de traballar nun barco, que é unha superficie móbil e relativamente inestable, a exposición a condicións climáticas adversas, a inexistencia de xornadas fixas de traballo e descanso, e as condicións de habitabilidade e hixiene dos barcos, que son a un tempo centros de traballo e vivenda. A prevención dos riscos deste sector presenta por tanto unha grande dificultade, co engadido de que os accidentes que atinxen ao barco (envorcadura, afundimento) afectan a toda a tripulación, e non se poden adoptar medidas inmediatas especialmente cando se atopan en alta mar. O Plan Vixía vense desenvolvendo dende 2006 con resultados satisfactorios.
Obxectivos	Xeral: Reducir a sinistralidade e mellorar as condicións de vida, traballo e saúde a bordo dos traballadores do sector pesqueiro. Específicos: Mellorar os hábitos laborais dos profesionais do mar e o uso de material e equipos de traballo. - Implantar unha concienciación preventiva no sector. - Abordar modelos preventivos específicos diferenciando as distintas actividades levadas a cabo no mar. - Impulsar modelos de xestión preventiva acomodados para o sector, como poden ser os servizos de prevención mancomunados. - Aumentar o grado de coñecemento da situación sociolaboral do sector marítimo-pesqueiro e establecer os medios precisos para o seguimento continuo da situación. - Velar polo cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais nacional, comunitaria e internacional no sector marítimo-pesqueiro.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 10	Pesca	Plurianual	Cons. do Mar, ITSS.
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 6; acción 2		Artigo 4º. a	ET Seguridade

Denominación	Condicións de seguridade en máquinas
Descrición	A raíz das investigacións dos accidentes de traballo producidos por máquinas detéctase o incumprimento do establecido no R.D. 1644/2008 polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas e no R.D. 1215/1997 polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo. Abordarase en dous subprogramas sectoriais: • Máquinas en buques de pesca. • Maquinaria agrícola, con especial énfase nos tractores.
Obxectivos	- Coñecer o estado de situación do parque de maquinaria de Galicia, valorando o grado de cumprimento da normativa. - Comunicar as desviacións atopadas.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 11	Industria	Anual	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 6; acción 8		Artigo 4º. v	ET Seguridade

Denominación	Plan de Seguridade Vial
Descrición	Os accidentes “in itinere” e “en misión” teñen un peso importante dentro da estatística de sinistralidade laboral (máis dun 15% con respecto do total no ano 2008), co cal faise necesario adoptar medidas que axuden a diminuír os accidentes de tráfico por motivos laborais. Por todo isto, establecece un plan de seguridade vial que contempla a concienciación e sensibilización cara a condutas viais seguras e a formación en contidos de seguridade vial.
Obxectivos	O obxectivo xeral é diminuír o número de accidentes “en itinere” e “en misión”. Os obxectivos específicos son: - Concienciar e sensibilizar a poboación traballadora do problema dos accidentes de tráfico establecendo mecanismos de información axeitados. - Facilitar formación especializada en Seguridade Vial achegando aos traballadores os coñecementos necesarios como concepto de conducción segura, dispositivos de seguridade do automóbil, actuación en caso de sinistro, etc.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 12	Multisectorial	Anual	RACE
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción		Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional
Obxectivo 6; acción 18		Artigo 4º. g	SXTP

Denominación	Estudo epidemiolóxico canteiras
Descrición	Estanse a realizar recoñecementos médicos ao amparo do Protocolo de colaboración asinado entre a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Traballo e o Servizo de Saúde do Principado de Asturias para a realización dun estudo epidemiolóxico médico-técnico nas explotacións de lousa e canteiras de Galicia, coa participación do ISSGA na realización das análises médicas e radiolóxicas dos traballadores. En 2010 completaranse os estudos comezados en 2007, coa inclusión das explotacións das provincias de A Coruña e Lugo.
Obxectivos	- Estudio epidemiolóxico médico-técnico nas explotacións de lousa e canteiras de Galicia.

Codificación	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
PR 16	Extractivas	Anual	Cons. de Economía e Industria.
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo 6; acción 3	Artigo 4º. a	E.T. Hixiene	

Denominación	Programa para o inventariado do amianto instalado
Descrición	O período de máxima utilización do amianto en España foi o comprendido entre os anos 1960 e 1984. A partir do ano 1965 e ata finais de 1990 a maioría dos edificios construídos en España conteñen amianto nalgún dos materiais empregados. Se estes materiais están deteriorados poden liberar fibras e se a liberación se produce en zonas accesibles suporán un risco para os seus ocupantes (traballadores e poboación en xeral). Estes materiais supoñen ademais un risco para todos aqueles traballadores que teñan que intervir sobre eles en calquera actividade de mantemento, reforma ou reparacións nestes edificios. O non ter identificados estes materiais podería supoñer exposicións inadvertidas. O RD 396/2006 obriga a identificar todos os materiais que poidan conter amianto antes das obras de demolición ou mantemento (artigo 10.2). E, no tocante á posible exposición laboral derivada da presenza de materiais con amianto nos edificios, instalacións, útiles, maquinaria..., hai que recordar que o amianto é un axente químico e polo tanto a súa identificación é responsabilidade do empresario a cuxa empresa pertencen ou estean instalados estes materiais (deriva das súas obrigas relacionadas coa avaliación e a prevención dos riscos presentes nos lugares de traballo).
Obxectivos	Obxectivo global: – Potenciar o cumprimento da normativa legal sobre a protección dos traballadores expostos ao amianto RD 396/2006. – Evitar exposicións inadvertidas ao amianto nos lugares de traballo. Obxectivos específicos: Crear un grupo de traballo que defina tanto o alcance deste programa como o do obxectivo final que persegue. Entre as tarefas iniciais do grupo estará: – Planificar a formación do número de técnicos cualificados en inspección de amianto necesarios para poder afrontar o programa. – Compilar a información da experiencia levada a cabo neste sentido por outros países da unión europea (fundamentalmente Reino Unido e Francia)

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
OGCT 13	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
	Artigo 4º. k	Hixiene SC e CSSL	

Denominación	Prevención de drogodependencias no ámbito laboral
Descrición	O consumo de drogas, tanto legais como ilegais, contribúe a causar numerosos problemas no conxunto da sociedade. O medio laboral non se atopa á marxe e o consumo de drogas ten repercusións graves, tanto para os traballadores e os seus familiares, como para a empresa para a que traballan. No ámbito laboral é necesario afrontar o problema desde unha óptica preventiva e co consenso de tódolos axentes implicados desde a responsabilidade e a sensibilidade polo tema.
Obxectivos	- Informar, formar e sensibilizar á poboación traballadora en relación cos riscos que representa o consumo de drogas. - Difundir información a través de materiais divulgativos.

Código	Ámbito/sector	Duración	Colaboracións
CS 5	Multisectorial	Permanente	
Plan Estratéxico 2006-2010: Obxectivo e Acción	Lei 14/2007: Funcións do ISSGA	Área funcional	
Obxectivo 2; acción 1	Artigo 4º. g		